



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE TRES PRAZAS DE POLICIA LOCAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2015, PARA A CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO ( MEDIANTE APLICACION INFORMÁTICA ), CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUN CUESTIONARIO TIPO TEST, ASÍ COMA A PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO .

Consonte á base 9ª das bases específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de tres prazas de policía local, incluídas na oferta de emprego público do ano 2015, publicadas no BOP núm. 124 do 30 de xuño de 2016, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Dado o grande número de admitidos no proceso selectivo, o que aconsella dispoñer de medios informáticos para a corrección do primeiro exercicio tipo test, garantindo así a completa obxectividade na corrección, a certeza do resultado, canto a axilidade para a obtención do mesmo, así como a especialización que require a proba de coñecemento do idioma galego, o tribunal acordou a incorporación de persoal asesor para a colaboración no desenvolvemento destes exercicios/probas.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

### RESOLVE

**Primeiro.-** Designar en calidade de membro asesor do tribunal para a corrección do primeiro exercicio ( test ), a don.Santiago Pérez Agra funcionario adscrito ao Servizo de Informática.

**Segundo.-** Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o segundo exercicio, sobre coñecemento de idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Concello de Pontevedra.

**Terceiro.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a 7 de novembro de dous mil dezaseis, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

O CONCELLEIRO DE GOBERNO,



Vicente García Legísima

O SECRETARIO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL,

José Carlos Castiñeira Piñeiro